

# INFORME PARA A REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMENTO DE CENTROS E DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

**CONVOCATORIA: 2019/20 (curso avaliado: 2018/19)**

PROVISIONAL

FINAL

**DATA: 14/12/2020**

<b>Centro</b>	<b>Facultade de Fisioterapia</b>	
<b>Titulación/s</b>	<b>Grao en Fisioterapia</b>	
<b>Alcance do proceso de seguimento interno</b>	<b>IRPD DAS TITULACIÓNS</b>	<input checked="" type="checkbox"/>
	<b>IRPD DO CENTRO</b>	<input checked="" type="checkbox"/>

IRPD: Informe de Revisión pola Dirección. (procedemento DE-03)

## 1 Valoracións e Recomendacións Xerais

- Considerase como unha boa práctica as análises realizados que son completos e útiles para mellorar o desenvolvemento da titulación.

Non obstante e co fin de mellorar o informe de revisión pola dirección, podería ser conveniente enfocar as reflexións ao curso de referencia co fin de simplificalo e centralizar as reflexións nos correspondentes criterios.

## 2 Titulacións

### DIMENSIÓN 1: A XESTIÓN DO TÍTULO

<b>CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</b>
<b>Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.</b>
Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.
<b>Comentarios xerais:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os resultados dos indicadores asociados á matrícula son moi satisfactorios e a análise é axeitado.</li> </ul>

<b>CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA</b>
<b>Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.</b>
Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).
<b>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>A reflexión e os resultados acadados deste criterio son satisfactorios.</li> </ul>

<b>CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE</b>
<b>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implantado que asegura de xeito eficaz a mellora continua da titulación.</b>
Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.
<b>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os resultados dos indicadores son moi satisfactorios e a análise é axeitado.</li> </ul>

### DIMENSIÓN 2: RECURSOS

<b>CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS</b>
<b>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.</b>
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.
<b>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación: --</b>

<b>CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</b>
<b>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.</b> Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.
<b>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>A reflexión sobre as prácticas externas curriculares é moi completo. Particularmente na que se refira á organización e desenvolvemento das mesmas. Recoméndase trasladalo ao informe de coordinación, posto que se sinala información concreta e persoal, e o informe de revisión pola dirección é un documento público.</li> </ul>

<b>DIMENSIÓN 3: RESULTADOS</b>
--------------------------------

<b>CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE</b>
<b>Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.</b> Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel MECES do título.
<b>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Hai unha descrición moi completa dos resultados das enquisas de avaliación docente por materias, cursos e anos. Podería empregarse todo o esforzo realizado cara a desenvolver accións que permitan a mellora das materias con peores resultados.</li> <li>Os indicadores por materias son explicados axeitadamente, analizando con maior profundidade as materias cos peores resultados e chegando a conclusións sobre o seu desenvolvemento.</li> <li>Ver o comentario do criterio 5 sobre as Prácticas externas curriculares</li> </ul>

<b>CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO</b>
<b>Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.</b> Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.
<b>Comentarios xerais e/ou particulares para cada titulación:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os resultados das enquisas de satisfacción son explicados profundamente especialmente as respostas as preguntas abertas.</li> </ul>

## **MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DA TITULACIÓN**

No curso 19/20 procedeuse a modificación da titulación.

### **3 Valoracións do plan de accións de mellora**

- Explicase de forma detallada e completa as accións de mellora dos cursos anteriores tanto no informe como na aplicación. Co fin de simplificar, podería ser conveniente imprimir as accións de mellora e xuntalas ao informe.
- Podería ser interesante engadir no seguimento das accións de mellora si o resultado da realización da acción de mellora é satisfactorio.

### **4 Suxestións**

- O informe de revisión pola dirección é un documento público polo que sería conveniente non incluír datos persoais. Revisar esta cuestión para garantir o cumprimento LOPD.
- As enquisas de satisfacción e avaliación docente empregan unha escala de 1-5, sendo o valor medio 3.

## 5 Alegacións presentadas ao informe de seguimento interno provisional:

Comentarios recollidos neste informe provisional de seguimento interno	Descrición das alegacións	Consideracións pola avaliación do seguimento interno
<p>Detectouse na reflexión do criterio 1 que hai valoracións baixas dalgúns docentes. Esta debilidade non se concreta na proposta dunha acción de mellora.</p>	<p>Efectivamente aínda que non haxa unha acción de mellora directa, pensamos que a acción de mellora de Estabilización do PDI coa petición de prazas de Axudante Doutor/a, para conseguir unha plantilla máis estable, redundará tal como se viu reflectido na análise de valoración segundo a categoría do PDI nunha mellor valoración.</p> <p>Do mesmo xeito, a publicación deste informe pode servir de feedback para aqueles docentes con baixas puntuacións.</p>	<p>Modifícase a redacción do informe provisional  <input checked="" type="checkbox"/> <b>Si</b> <input type="checkbox"/> <b>Non</b>                      Xustificación:                      Procedemos a eliminación do comentario</p>
<p>Recoméndase trasladar ao informe de coordinación, posto que se sinala información concreta e persoal, e o informe de revisión pola dirección é un documento público.</p>	<p>Esta recomendación terase en conta en futuros informes trasladando esa información ao informe de coordinación.</p>	<p>Modifícase a redacción do informe provisional  <input type="checkbox"/> <b>Si</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>Non</b>                      Xustificación: --</p>
<p>Podería empregarse todo o esforzo realizado cara a desenvolver accións que permitan a mellora das materias con peores resultados.</p>	<p>Tal como se explicou ao principio deste cadro, aínda que existan accións indirectas traballarase en obter accións que poidan mellorar este aspecto. Non obstante as veces pode ser complicado emprender accións sobre o modo de impartir a docencia xa que cada mestre ten a súa liberdade de cátedra.</p>	<p>Modifícase a redacción do informe provisional  <input type="checkbox"/> <b>Si</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>Non</b>                      Xustificación:                      Enténdese a complexidade para solucionar algunhas incidencias e animase a atopar accións complementarias que axuden a paliar os problemas.</p>
<p>As enquisas de satisfacción e avaliación docente empregan unha escala de 1-5, sendo o valor medio 3.</p>	<p>Certamente, nos informes de satisfacción recibidos para o próximo informe xa se toma como valor medio o 3.</p>	<p>Modifícase a redacción do informe provisional  <input type="checkbox"/> <b>Si</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>Non</b>                      Xustificación: --</p>
<p>Co fin de simplificar, podería ser conveniente imprimir as accións de mellora e xuntalas ao informe.</p>	<p>As accións de mellora se recollen no cadro final dun xeito resumido e no documento Plan anual de melloras.</p>	<p>Modifícase a redacción do informe provisional  <input type="checkbox"/> <b>Si</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>Non</b>                      Xustificación:--</p>
<p>Podería ser interesante engadir no seguimento das accións de mellora si o resultado da realización da acción de mellora é satisfactorio.</p>	<p>Por defecto considerábase resultado satisfactorio polo simple feito de acadalas, pero en informes posteriores especificábase dun xeito máis concreto.</p>	<p>Modifícase a redacción do informe provisional  <input type="checkbox"/> <b>Si</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>Non</b>                      Xustificación:                      O fin do comentario é coñecer se a debilidade está solucionada. Existe a posibilidade que a acción de mellora se realice pero non solucione a debilidade asociada, e viceversa.</p>